

# ORQUESTA GAOS

Biografía



A Orquesta Gaos **nace en abril de 2009** e está formada por **80 músicos** de toda Galicia, na súa maioría estudantes e profesores dos conservatorios galegos, cos que desenvolve unha importante actividade concertística.

Desde a súa creación ofrece máis dun centenar de concertos e participan como solistas máis dunha cincuentena de músicos galegos cunha importante traxectoria artística, algúns dos cales xa posúen unha dilatada carreira.

Colabora co **Concurso Internacional de piano “ Cidade de Ferrol”** nas súas edicións de 2009 e 2010 acompañando a fase final da competición. En 2010 grava un CD con temas galegos orquestrados por Juan Durán xunto á soprano Cristina Gallardo-Dômas. Organiza o I e II Ciclo de Catedrais ofrecendo concertos nas catedrais de Galicia cun gran éxito de crítica e de público.

Desde 2011 a 2016 organiza **xunto ao IBS Padre Rubinos o seu tradicional concerto de Nadal** convidando a artistas consagrados como Ainhoa Arteta, Borja Quiza ou Celso Albelo.

En 2013 ofrece unha **gala lírica con Gregory Kunde e Juan Jesús Rodríguez** baixo a dirección de Ramón Tébar no marco do Festival de Amigos da Ópera da Coruña.

En 2020 participa na produción de **La verbena de la Paloma da Programación Lírica da Coruña** na que se inclúen dúas galas líricas con artistas da talla de Sondra Rodvanosky, Carlos Álvarez, Simón Orfila, Alejandro Roy, Borja Quiza, Carol García ou Vanessa Goikoetxea entre outros.

Asemesmo clausura a edición de 2021 cunha **Gala Lírica con Juan Jesús Rodríguez e María José Moreno**. En novembro de 2020 participa no Festival de Ópera de Fuerteventura como orquestra residente.

Nestes anos, ademais da súa propia tempada de concertos, tanto na Coruña como no resto da comunidade galega, convida a importantes músicos para coidar a formación e perfeccionamento dos seus membros, como David Grimal, violinista e director de Lles Dissonances ou David Ethève, violonchelo principal da OSG.

Ademais, realiza concertos de música contemporánea, estreando obras de novos compositores en colaboración coa asociación galega de compositores, realiza encargos a compositores galegos, promove a formación de diferentes agrupacións e ensembles non convencionais no seo da propia orquestra, ademais de ofrecer concertos sinfónicos con artistas doutros xéneros como Los Secretos ou Raphael.

Fernando Briones é o director artístico e musical do Coro e Orquesta Gaos, que conta como socio de honor ao Mestre Cristóbal Halffter.